



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.gal



Código ético

GaliciaSkills 2020

Páxina 1 de 5





Índice

1.	Código ético.....	3
1.1.	Obxectivo	3
1.2.	Ámbito de aplicación	3
2.	Valores.....	3
2.2.	Integridade	3
2.3.	Transparencia	4
2.4.	Xustiza	4
2.5.	Cooperación	4
2.6.	Innovación	4
3.	Saúde e seguridade	4
4.	Liderado.....	5
4.1.	Compromiso cos valores	5
4.2.	Cultura do cumprimento	5
4.3.	Confidencialidade	5
5.	Posta en práctica e cumprimento do código ético.....	5
5.1.	Posta en práctica do código ético	5
5.2.	Cumprimento do código ético	5
5.3.	Consecuencias do incumprimento do código ético	5



1. Código ético

1.1. Obxectivo

O obxectivo deste código ético, adaptado do que rexe o Campionato de Formación Profesional Spainskills, é servir de guía para a conduta e a toma de decisións do Campionato Galego de Formación Profesional Galiciaskills 2020.

1.2. Ámbito de aplicación

Este código ético está dirixido a todas as partes implicadas na organización, no desenvolvemento e na avaliación de Galiciaskills 2020, considerando como partes interesadas:

- Os/as competidores/as.
- Os/as titores/as dos/das competidores/as.
- Os xurados.
- Os patrocinadores da competición.
- As entidades e/ou persoas que colaboren en calquera actividade relacionada.

2. Valores

Este código ético establece os principios ou valores que guían o comportamento, as decisións e os procedementos de Galiciaskills 2020, tendo en conta as necesidades de todas as partes interesadas e respectando os dereitos de todas as persoas. Estes valores, en liña cos asumidos polas competicións nacionais e internacionais, son:

- Integridade.
- Transparencia.
- Xustiza.
- Cooperación.
- Innovación.

2.2. Integridade

Galiciaskills é un campionato aberto, honesto e digno de confianza no trato con todas as persoas e organizacións coas que traballa.



2.3. Transparencia

Ningún membro da organización ou colaborador/a pode estar involucrado/a en actividades que entren en conflito cos intereses de Galiciaskills 2020.

2.4. Xustiza

As decisións derivadas do desenvolvemento das actividades de Galiciaskills 2020 basearanse no principio de mérito e igualdade de oportunidades.

Durante a competición seguirase o procedemento de resolución de conflitos establecido nas normas de competición.

2.5. Cooperación

Galiciaskills 2020 promove un ambiente inclusivo, aberto a cambios e a novas ideas, baseado no respecto pola persoa e no fomento da igualdade de oportunidades para alcanzar o éxito.

Todas as persoas implicadas deben respectar as persoas coas que traballan e as súas diferenzas culturais. O campionato non tolera ningunha forma de acoso, xa sexa este sexual, físico ou mental.

2.6. Innovación

Galiciaskills 2020 procura adoptar actitudes innovadoras para reducir ao mínimo os efectos nocivos das súas actividades sobre o ambiente e os recursos naturais. Ademais, espérase en que as innovacións promovidas sexan sustentables económica e ecoloxicamente para garantir a súa viabilidade.

3. Saúde e seguridade

O campionato dálle prioridade a un contorno seguro e saudable, que non poña en perigo a saúde nin a seguridade de ningún.

Todas as persoas participantes adhírense ás regulacións sobre seguridade e saúde vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia, así como ás regulacións aplicables ao desenvolvemento de cada modalidade de competición en particular.



4. Liderado

4.1. Compromiso cos valores

Os membros do comité organizador e os xurados das modalidades de competición comprométense a promover e apoiar os valores e os principios recollidos neste código ético de Galiciaskills 2020, e a demostrar este compromiso coas súas accións.

4.2. Cultura do cumprimento

Espérase e valorase que todas as persoas implicadas na organización e no desenvolvemento do campionato promovan un ambiente de cumprimento das normas.

4.3. Confidencialidade

Non se divulgará información recibida con carácter confidencial. Ninguén difundirá información para ganancia nin beneficio persoal, nin para danar a reputación de persoas nin das organizacións.

5. Posta en práctica e cumprimento do código ético

5.1. Posta en práctica do código ético

O comité organizador de Galiciaskills 2020 é o responsable da posta en práctica e da xestión do código ético na organización e entre os/as seus/súas colaboradores/as.

5.2. Cumprimento do código ético

Os órganos persoais e colexiados que participan na preparación e no desenvolvemento da competición teñen a responsabilidade de cumprir e facer cumprir este código ético.

5.3. Consecuencias do incumprimento do código ético

As persoas que infrinxan o presente código ético serán obxecto das medidas disciplinarias acordes ao incumprimento das condicións acordadas.